

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA DEZAOITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL TRECE: - - - - -

=====

PRESIDENTA:
D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Isabel González Domínguez
D. Marcos Guisasaola Padín
D^a María Deza Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Agúin Fernández
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D^a M^a Victoria González Serén
D^a M^a Dulcinea Agúin Pombo
D. José Buezas Méndez
D. Pablo Piñeiro Taboada
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTEN:
D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
D. Celestino Otero Camiña (INTERVENTOR ACCIDENTAL)

SECRETARIO :
D. Ángel Luís López Pita

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e trinta minutos do día dezaeito de outubro de dous mil trece, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS. O Sr. Secretario explicou que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día, para ser obxecto de debate e votación e a Sra. **Presidenta** indicou que os nove primeiros puntos da orde do día desta sesión, se trataron na comisión informativa correspondente, antes da data de celebración deste pleno, pero con posterioridade á súa convocatoria.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión**, a Sra. **Presidenta** someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O Sr. **Secretario** dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

O Sr. **Gonzalo Pita**, voceiro do **Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, en intervención común para os primeiros tres puntos da orde do día, anunciou o voto favorable, tendo en conta que a suba polo incremento do I.P.C., viña recollida no contrato coa empresa concesionaria e que, tamén para esta, se incrementaron os custos, como os de electricidade.

A Sra. **Aguín Pombo**, voceira do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que, independentemente do sinalado no contrato, o contexto económico actual é moi distinto ao da época na que se acordou a prórroga e, nun momento no que se están a romper pactos, polo goberno municipal debeuse apremiar a empresa concesionaria para que esta asumise parte do custo e se conxelasen as tarifas, engadindo que votarían en contra da proposición e que esperaba lle facilitaran, antes de final de ano, copia das auditorias que se están a realizar deste contrato.

O Sr. **Guisasola Padín**, concelleiro do **Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que sabendo que a situación era moi difícil, non tiñan mais remedio que cumprir co establecido no contrato actualmente en vigor.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo**, voceiro do **Grupo Municipal Mixto**, aludiu a que había que respectar o contrato e subir o incremento do I.P.C.

A Sra. **Alcaldesa** dixo que se trataba dun aumento obrigado por contrato que había que respectar, recordou que tamén subiron os custos do servizo, sendo un incremento necesario para unha boa prestación daquel e que, noutros casos nos que non existía esta circunstancia contractual, o concello asumía o aumento do custo e non o trasladaba aos veciños.

Ao non producirse mais intervencións, a Sra. **Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Primeiro. Tarifa.

ABOADOS DOMÉSTICOS:

Mínimo: 30 m³/trimestre 0,3937 euros/m³
Excesos..... 0,4445 euros/m³

ABOADOS COMERCIAIS:

Mínimo: 30 m³/trimestre 0,3937 euros/m³
Excesos..... 0,4445 euros/m³

ABOADOS INDUSTRIAIS:

Mínimo: 75 m³/trimestre 0,4445 euros/m³
Excesos..... 0,5708 euros/m³

OBRAS:

Mínimo: 120 m³/trimestre 0,5708 euros/m³
Excesos..... 0,7364 euros/m³

As tarifas incrementarase co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

ALTAS DE CONTRATO

En concepto de dereitos, ao facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establécese o prezo de 103,89 euros

FIANZAS

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 167,20 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan abonados os recibos pendentes”.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.14.”-----

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS. O Sr. Secretario explicou que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día, para ser obxecto de debate e votación.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión, a Sra. Presidenta someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.**

O Sr. Secretario dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

Ao non producirse intervencións, a Sra. Presidenta someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo) .

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

1. Vivendas de carácter unifamiliar15,306 euros/ano
2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación3,844 euros/ano
3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros1.274,908 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado0,216 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutros apartados.....18,389 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no segundo apartado.....51,017 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ao público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos122,437 euros/ano

8. Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas dunha cota única de 103,89 euros

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.14.”-----

3º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. O Sr. Secretario explicou que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día, para ser obxecto de debate e votación.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión**, a Sra. Presidenta someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O Sr. Secretario dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

Ao non producirse intervencións, a Sra. Presidenta someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo) .

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

De acordo co artigo 5º da ordenanza as tarifas son as seguintes:

Facturación por metros cúbicos consumidos e cota fixa mensual

a) Aboados con contador e servizo de abastecemento de auga.

Cota fixa mensual

- Uso doméstico 2,982 euros/mes
- Uso comercial..... 2,982 euros/mes
- Uso industrial hostalería, obras e outros 5,114 euros/mes

Por consumo (por cada m³ rexistrado no contador do aboado)

- Uso doméstico 0,191 euros/m³
- Uso comercial..... 0,191 euros/m³
- Uso industrial hostalería, obras e outros 0,191 euros/m³

- b) Abonados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga.
- Uso doméstico..... 16,231 euros/trim.
 - Uso comercial..... 16,231 euros/trim.
 - Uso industrial hostalería, obras e outros.....46,435 euros/trim.

c) Aboados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento.

Aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán, ó seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual 5,114 euros/mes

Cada m³ vertido (medido ou aforado) 0,191 euros/m³

As tarifas indicadas incrementaranse co I.V.E. correspondente a cada exercicio

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.14.”-----

4º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS. O Sr. Secretario explicou que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día, para ser obxecto de debate e votación.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión**, a Sra. Presidenta someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O Sr. Secretario dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que votaría a favor da proposición, posto que se trataba dunha nova figura, non contemplada na ordenanza fiscal actual.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que se absterían neste punto, ao igual que fixeron na comisión informativa.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, anunciou que non votarían a favor da proposición, non por non ser a modificación xusta, senón pola discrepancia xa manifestada coa ordenanza municipal que regulou unha declaración responsable que podía dar lugar a problemas.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, recordou que a ordenanza municipal á que se referiu o anterior interviniente, procedía dunha directiva europea á que habería que adaptarse, guste ou non.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que a ordenanza se limitou a aplicar o establecido nunha lei, engadindo que os veciños teñen os seus dereitos e tamén os deberes correspondentes en relación a aqueles.

Ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0 .

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: Modificar a ordenanza introducindo a seguinte tarifa: 0,54% do custo do valor polos supostos de actividades suxeitas por declaración responsable.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.14.”-----

5º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA POLA TAXA DE LICENZAS DE APERTURA. O **Sr. Secretario** explicou

que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día, para ser obxecto de debate e votación.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión**, a **Sra. Presidenta** someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O **Sr. Secretario** dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que había concellos que manifestaron a súa contrariedade coa directiva e recordou que, cando se aprobou a ordenanza, o **Sr. Rodríguez Lorenzo** estaba bastante de acordo con esta postura, engadindo que o tempo dirá se esta forma de actuar é acertada e que tamén se absterán neste asunto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que no tema citado puido estar de acordo pero, neste momento, o anterior interviniente estaba equivocado.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que se trataba dun procedemento regrado, que a ordenanza o que fixo foi adaptarse á normativa europea e estatal e que neste momento había actividades que non se podían conceder con licenza, senón a través de declaración responsable, independentemente do que fagan outros concellos. A interviniente finalizou manifestando que lle parecía adecuado que as actividades que agora precisan declaración responsable e que estaban suxeitas a licenza, abonen a mesma taxa que antes.

A **Sra. Alcaldesa** afirmou que era benvida unha ordenanza que, aínda que trouxese mais traballo para os técnicos, permitiría facilitar os trámites aos veciños que pretenderan facer unha obra ou realizar unha actividade, entendendo que todos eran xa maiores de idade. Por último dixo que respectaba o dereito dos concellos que se opoñían á directiva e a lei estatal nesta materia, pero non o compartía, porque nun estado de dereito hai que respectar as leis.

Ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0 .

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Modificar a ordenanza engadindo un novo epígrafe de actividades suxeitas a declaración responsable en igual contía que as establecidas para esa actividade na ordenanza vixente.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de

que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.14.”-----

6º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DE QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS AUTORIDADES LOCAIS A INSTANCIA DE PARTE. O Sr. Secretario explicou que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día, para ser obxecto de debate e votación.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión, a Sra. Presidenta someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.**

O Sr. Secretario dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, dixo que ía votar en contra da proposición, recordando que o ano pasado xa se opuxeron a esta iniciativa, que finalmente non se resolveu e que se recorre a un informe xurídico externo no que non se citan normas ou sentencias, entendendo que perfectamente pódense introducir emendas e que esta modificación pode ser constitutiva de infracción penal, por limitar o dereito de acceso dos cidadáns á documentación municipal. O interviniente proseguíu precisando que, ao igual que o ano pasado, faltaba un informe económico asinado por un técnico, non chegándolle, a estes efectos, o documento do Concelleiro de Facenda e que, o informe de intervención, se remitía ao informe externo. Por último afirmou que se trataba dunha ordenanza inconstitucional, inxustificada e innecesaria, posto que respondía a un momento puntual sucedido o ano pasado no que, por parte dunha persoa que foi empregada municipal, se pediu consultar moitos expedientes, o que agora non pasa, solicitando do Concelleiro de Facenda que o informase do número de persoas que consultaron expedientes este ano, un dato que lle parecía importante.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, aludiu a que este asunto xa se debateu o pasado exercicio, engadindo que volverán votar en contra e que lles parecía excesiva a cantidade de 10 € por consulta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, recordou que xa o ano pasado consideraba esta modificación da ordenanza innecesaria e inxusta, traducindo naquel momento certo rancor e revanchismo e agora segue sendo inxusta e inxustificada, posto que, cando peor está a economía, é cando se crea. A continuación o interviniente leu un parágrafo do informe externo, que aludía a que sería aconsellable unha aclaración na memoria de custos, do que se desprende que parece esaxerada a contía da taxa, o que podía traer consecuencias cara a un posible procedemento xudicial.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que do futuro non se atrevía a falar e explicou que, nun momento puntual, se demandaron bastantes expedientes, pero non cre que moitos veciños soliciten mais dun, sendo unha taxa de escasa repercusión económica, se ben engadiu que a administración ten que manterse e o traballo de recoller expedientes no arquivo e velar porque se devolvan íntegros, ten un custo.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, matizou que había moitas solicitudes, aínda que non sabía o dato exacto e que a documentación referida ao propio petionario non tiña custo, continuou dicindo que o ditame xurídico recollía a normativa aplicable, que asinou a proposta, pero coa fiscalización favorable de intervención e que non se prohibía nin se restrinxía nada, tan só regulábase. Por último indicou que as taxas non poden ter superávit e para que esta o tivese, co importe de 10 € e cun déficit de 119.000 €, sería necesario un número enorme de peticións dos veciños.

O **Sr. Gonzalo Pita** sinalou que ante un feito aislado e para desanimar a unha solicitante, decidiron crear esta taxa, estando inxustificada, co que se dificulta a consulta dos documentos dos veciños. O interviniente dixo que o informe non respalda a total legalidade desta taxa e que debería saberse o número de solicitudes de consulta de expedientes.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que o arquivo non era só para xente que quixese ver o seu expediente, senón que pode ser obxecto de consulta de todo tipo de documentos, porque era a memoria municipal, considerando esta taxa como disuasoria e contraproducente. Por último aclarou que ao persoal municipal xa o pagan os veciños e non deberían facelo dúas veces.

O **Sr. Guisasola Padín** insistiu en que non se prohibía nada, tan só regulábase, recordando respecto do dito sobre a duplicidade de pagamento, que neste caso se trataba dunha taxa pola prestación dun servizo.

A **Sra. Alcaldesa** recalcou que os que consulten os seus propios expedientes non ían pagar nada e explicou que non se aboaba nada dobremente, só polo veciño que utilizaba o servizo, posto que, senón, o pagarían o resto dos veciños, recordando que non se trataba só da consulta, posto que existía a responsabilidade de facilitalo e telo localizado. A interviniente describiu os traballos feitos para dispoñer dun arquivo en condicións e organizado, non como estaba antes, o que permite que os veciños, agora, poidan acceder aos seus expedientes. Por último afirmou que na administración se tende a que os servizos os paguen os que os utilicen.

Ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 6 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Modificar a ordenanza introducindo dun epígrafe nas tarifas denominado “consulta de expedientes ou documentos municipais a consultar do arquivo municipal cun custo de 10,00 € cada un.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.14.”-----

7º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO O. A. TERRA DE SANXENXO. O Sr. Secretario explicou que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día, para ser obxecto de debate e votación.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión, a Sra. Presidenta someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.**

O Sr. Secretario dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

A Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, anunciou que ían absterse, ao igual que en comisión.

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que se atenden as demandas no referente a Técnicas de Estudo, non comprendendo un pagamento distinto de ano en ano, debéndose seguir un criterio uniforme

Sendo as dez horas e vinte e cinco minutos, incorpórase á sesión a concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Sra. González Serén.

O Sr. Guisasaola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que se fixeron algunhas correccións, eliminando a inscrición e tocando só catro taxas.

A Sra. Alcaldesa especificou que se supimiu a referencia á matrícula e para os restantes conceptos, practicamente mantéñense as taxas.

Ao non producirse mais intervencións, a Sra. Presidenta someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Escolas municipais

Actividade	Inscrición	Mensualidade
Baloncesto		7,00 €
Fútbol sala		7,00 €
Hípica		7,00 €
Piragüismo		7,00 €
Surf bodyboard		7,00 €
Taekwondo		15,00 €
Tenis		15,00 €
Vela		7,00 €
Voleibol		7,00 €
Natación		7,00 €
Educación física de base		7,00 €
Predeporte e multideporte		7,00 €
Salvamento		7,00 €
Ioga		29,00 €

Actividade	Inscrición	Mensualidade
CENTRO DE ARTE		
Arte infantil		8,00 €
Centro de arte para nenos/as		9,00 €
Centro de arte para adultos/as		28,00 €
LUDOTECA		8,00 €
TÉCNICAS DE ESTUDO	20,00 €	

Estas tarifas serán de aplicación a partir da entrada en vigor do curso académico 2014-2015.

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata

entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor co curso académico 2014-2015.”-----

8º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE CASAS DE BAÑO, DUCHAS, PISCINAS, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E OUTROS SERVIZOS ANÁLOGOS. O Sr. **Secretario** explicou que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día, para ser obxecto de debate e votación.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión**, a Sra. **Presidenta** someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O Sr. **Secretario** dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, agradeceu ao Sr. **Rodríguez Lorenzo** o cambio de enerxía da instalación, o que causa un importante aforro e fai mais sostible un servizo tan importante como este, agardando que se arranxen as deficiencias aínda existentes.

A Sra. **Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, destacou que o ano pasado houbo unha importante suba e agora o aforro non se reflicte nas tarifas, posto que tan só baixan dúas, polo que tampouco considera que é para felicitar.

O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que se produxo un importante aforro no déficit de 171.000 € a 31.000 €, pero este aínda existe, polo que procuraran seguir baixando os custos dos servizos.

A Sra. **Fernández Agraso** precisou que non dixo que este servizo non fose deficitario, senón que se está a facer un importante esforzo de todos, incluídos os usuarios, polo que cre que non é para dar felicitacións.

A Sra. **Alcaldesa** aludiu a que o aforro producido, coa mellora das instalacións, vai dirixido a reducir o déficit e non repercutirá nas taxas, agás que existise superávit e a que este é un servizo prestado con profesionais que deben pagalo os usuarios, porque senón o aboaran o resto dos veciños.

Ao non producirse mais intervencións, a Sra. **Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus

membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Apartado 1. Tarifa da piscina municipal

COTA ALTA	24,00
COTA DE MANTEMENTO	8,00

SOCIO	33,50
SOCIO CON DESCONTO	23,50
SOCIO FAMILIAR	42,00
SOCIO MONOPARENTAL	38,50
ENTRADA LIBRE ADULTO	3,80
ENTRADA LIBRE ADULTO C/DTO.	2,50

BONO 10 ADULTO	24,75
BONO 10 ADULTO C/DTO	14,50
BONO 15 ADULTO	29,50
BONO 15 ADULTO C/DTO	18,00
SAUNA (ABON. + ENTR. LIBRE)	1,20
SAUNA C/ DTO.	2,50
SAUNA	3,00

CURSOS ADULTO SOCIO (2 DIAS/SEM)	14,00
CURSOS ADULTO NON SOCIO (2 DIAS/SEM.)	28,00
CURSOS ADULTO SOCIO (3 DIAS/SEM)	16,00
CURSOS ADULTO NON SOCIO (3 DIAS/SEM.)	32,00

CURSOS INFANTIL (1 DIA/SEM.) SOCIO	8,50
CURSOS INFANTIL (1 DIA/SEM.) NON SOCIO	16,50
CURSOS INFANTIL (2 DIA/SEM.) SOCIO	10,50
CURSOS INFANTIL (2 DIA/SEM.) NON SOCIO	20,50
CURSOS INFANTIL (3 DIA/SEM.) SOCIO	15,50
CURSOS INFANTIL (3 DIA/SEM.) NON SOCIO	31,00

CURSOS BEBES (1 DIA/SEM) SOCIO	12,00
CURSOS BEBES (1 DIAS/SEM) NON SOCIO	24,00
CURSOS BEBES (2 DIA/SEM) SOCIO	15,00
CURSOS BEBES (2 DIAS/SEM) NON SOCIO	30,00
CURSOS BEBES (3 DIA/SEM) SOCIO	17,50
CURSOS BEBES (3 DIAS/SEM) NON SOCIO	34,50

CURSOS ACT.FISI.TERAPEUTICA (1 DIA) SOCIO	13,00
---	-------

CURSOS ACT.FISI.TERAPEUTICA (1 DIA) NON SOCIO	26,00
CURSOS ACT.FISI.TERAPEUTICA (2 DIA) SOCIO	16,00
CURSOS ACT.FISI.TERAPEUTICA (2 DIA) NON SOCIO	32,00
CURSOS ACT.FISI.TERAPEUTICA (3 DIA) SOCIO	18,00
CURSOS ACT.FISI.TERAPEUTICA (3 DIA) NON SOCIO	36,00

AEROBIC, PILATES, IOGA (1 DIA/SEM) SOCIO	9,00
AEROBIC, PILATES, IOGA (1 DIA/SEM) NON SOCIO	18,00
AEROBIC, PILATES, IOGA (2 DIA/SEM) SOCIO	12,50
AEROBIC, PILATES, IOGA (2 DIA/SEM) NON SOCIO	25,00
AEROBIC, PILATES, IOGA (3 DIA/SEM) SOCIO	16,00
AEROBIC, PILATES, IOGA (3 DIA/SEM) NON SOCIO	31,00
AEROBIC, PILATES, IOGA (4 DIA/SEM) SOCIO	17,00
AEROBIC, PILATES, IOGA (4 DIA/SEM) NON SOCIO	34,00

AQUAGYM (1 DIA/SEM) SOCIO	9,00
AQUAGYM (1 DIA/SEM) NON SOCIO	18,00
AQUAGYM (2 DIA/SEM) SOCIO	12,50
AQUAGYM (2 DIA/SEM) NON SOCIO	25,00
AQUAGYM (3 DIA/SEM) SOCIO	15,50
AQUAGYM (3 DIA/SEM) NON SOCIO	31,00

AQUAGAME	11,50
----------	-------

COMBINADO 3 (ACT.DIRIGIDAS) 3 DIAS/SEM	31,00
COMBINADO 4 (ACT.DIRIGIDAS) 4 DIAS/SEM	34,50

ACTIVIDADE FISICA ACUATICA (3ª IDADE) 1DIA/SEM	8,50
ACT. FISICA ACUATICA VERAN(3ª IDADE) 1DIA/SEM	9,50
ACT. FISICA ACUATICA VERAN(3ª IDADE) 2DIA/SEM	18,50

MULLERES RURAIS (1 DIA/SEM)	11,50
ANPAS - EXTRAESCOLARES	11,50

CLASE DIRIXIDA SOLTA (POR SESION)	4,50
-----------------------------------	------

CLUBS ALUGUER INSTALACION (1 RÚA) NENO/MES	6,00
--	------

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.14.”-----

A continuación ausentouse temporalmente da sesión a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. González Domínguez.

9º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

O Sr. Secretario explicou que este asunto, ao non estar ditaminado por comisión informativa, necesitaba a ratificación plenaria da súa inclusión na orde do día para ser obxecto de debate e votación.

A continuación e ao non haber intervencións sobre **a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión**, a Sra. Presidenta someteuna a votación, na que, por unanimidade dos/as corporativos/as presentes, resultou aprobada.

O Sr. Secretario dá conta da proposición da Alcaldía sobre este punto da orde do día.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, considerou positivamente o establecemento duns parámetros, para evitar que o concello deixe de percibir ingresos por non estar adecuado o presuposto que se presenta ao real valor da obra.

Neste momento reincorpórase á sesión a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Sra. González Domínguez.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que se trataba dunha boa medida, que facilitaría o traballo a todos, tanto aos técnicos externos como aos municipais e que permitirá que todos os proxectos veñan cos mesmos parámetros.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, destacou que esta medida era acertada, pero chegaba dez anos tarde, recordando a gran cantidade de edificación que se realizou no concello neste período e a contratación dunha empresa externa para realizar inspeccións e evitar defraudacións ao detectarse proxectos por debaixo do valor real da obra e, en cambio, era agora, na situación actual, cando se acordan de fixar estes módulos, o que pode traer consigo que non se realicen obras que se tiña pensado facer e sinalou que, a efectos do ICIO, outra opción era adaptar o coeficiente.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, referíndose a intervención anterior, dixo que menos mal que na mesma se comentou que a medida era acertada, aludiu a que non recordaba ningunha moción neste sentido e que se debe levar a cabo esta iniciativa, porque non se pode mentir na documentación que se presenta.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, considerou de xustiza o establecemento destes baremos, que por outra parte, xa eran os que se tiñan en conta

polos servizos técnicos da Xerencia para revisar a documentación que se aportaba.

O **Sr. Otero Domínguez** non negou o dito pola anterior interviniente, entendendo que os técnicos realizaban a súa función ata onde podían e volveu a recordar a contratación dunha empresa externa, que percibía unha porcentaxe do recadado. Continuou manifestando que tamén por chegar tarde se producía unha inxustiza, considerando obscena a comparación coa situación existente nos últimos dez anos neste concello e o deixado de recadar nese período, tendo en conta que os técnicos non podían ocuparse de todos os casos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** recalcou que esta proposición lle parecía xusta, porque era moito mellor facer as liquidacións en base ao que está escrito nunha ordenanza.

A **Sra. Deza Martínez** sinalou que, o feito de que se fixeran inspeccións, supón recoñecer o interese en querer facelas ben.

A **Sra. Alcadesa** indicoulle ao **Sr. Otero Domínguez** que non se podía defender unha cousa e a contraria nunha mesma intervención e precisou que xa, no seu día, había preocupación por este tema e por iso contratouse a unha empresa externa. Na actualidade a situación é distinta e o que se pretende é facilitar o traballo aos técnicos, considerando que esta medida puido tomarse antes, pero non tería evitado a contratación citada. Finalmente recordou que o ICIO tiña a tarifa máxima permitida para os edificios, a existencia de bonificacións para vivendas e a posibilidade de fraccionamentos nos pagamentos.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: Introducir o anexo seguinte de modulación de obra e de comprobación de liquidación definitiva:

ANEXO A

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

OBTENCIÓN DO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DUNHA CONSTRUCIÓN OU OBRA MAIOR. ORZAMENTO DE REFERENCIA.

Normas xerais, criterios de valoración.

Un traballo considérase incluído no punto que lle corresponda de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose as superficies con destinos minoritarios. Só se dividirá

en varios puntos cando cada destino minoritario supere o 20% da superficie total, neste caso valorarase de forma independente.

A superficie total construída é a suma de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas de fachada, tanto interiores como exteriores e os eixes de medianeiras compartidos si se dá o caso.

Estimación simplificada do orzamentos de execución material da edificación.

Definicións:

Mb.- Módulo básico

Mc.- Módulo de construción ou de referencia

S.- Superficie total construída en m²

Ct.- Coeficiente corrector en función da tipoloxía edificatoria

Cu.- Coeficiente corrector en función do uso da edificación

Pemb.- Orzamento de execución material segundo módulos básicos

Pem.- Orzamento de execución material do proxecto.

Valores de aplicación

Módulo básico (Mb)

Establécese un prezo en €/m² de edificación da tipoloxía da edificación aplicable ás distintas construcións. Mb= 550,00 €/m²

Coeficiente por tipoloxía (Ct)

1) En edificacións de nova planta e adicións:

1,20 Edificación illada (4 fachadas) vivenda familiar illada ou entre medianeiras e sotos 3º e seguintes

1,15 Vivenda unifamiliar pareada

1,10 Agrupación en fila, sotos 1º e 2º

1,00 Edificio en rueiro pechado, edificación aberta vivenda colectiva

2) En obras de reforma e rehabilitación:

1,20 Rehabilitación total, incluído desmontar fachadas

1,00 Adecuación interior de plantas baixas e entresollados, rehabilitación integral do edificio conservando só fachadas

0,65 Rehabilitación de instalacións e acabados

0,50 Reformas que afecten so a elementos estruturais

0,35 Rehabilitación de fachadas e substitución de carpintería e peches (referido á superficie de fachada)

0,07 Demolicións e derrubamentos (aplicada a superficie que se vaia demoler)

Coeficiente de uso (Cu)

Segundo o tipo de edificación:

1,60 Auditorios, museos, teatros, hoteis de cinco estrelas, edificios bancarios
1,50 Hospitais, laboratorios
1,40 Bibliotecas, facultades e escolas universitarias, hoteis de catro estrelas, edificios penitenciarios, terminais marítimas e aéreas.
1,30 Clubs sociais, cines, centros de saúde, balnearios, hoteis de tres estrelas, salas de festas, discotecas, colexios con residencia, ximnasio.
1,20 Casas de cultura, casas consistoriais, locais bancarios, consultorios, centros de culto, cuarteis e matadoiros.
1,10 Vivenda, hoteis de dúas estrelas, residencias universitarias, moteis.
1,00 Residencias VPO, oficinas, garderías, centros escolares, hoteis dunha estrela, ambulatorios, hostais-residencias, restaurantes, estacións de autobuses, salas de exposicións, piscinas cubertas.
0,90 Cafeterías, bares, mercados.
0,80 Centros comerciais, pavillóns deportivos cubertos, vestiarios, bungalows, servizos cámping.
0,65 Edificios de estacionamento, locais comerciais, establecementos comerciais, industria escaparate.
0,50 Piscinas descubertas, cemiterios.
0,40 Garaxes e estacionamentos, estacións de servizo
0,35 Rochos, locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico, terrazas asoportaladas, terrazas abertas.
0,30 Almacéns e naves industriais, instalacións deportivas descubertas, naves, granxas, depósitos, bancadas, panteóns (por nicho)
0,15 Acondicionamento de naves con obras mínimas.
0,10 Proxectos de urbanización (adsritos a edificacións), áreas deportivas, parcelas cámping.
0,05 Xardíns, pistas de terra e formigón, piscinas privadas, tratamento de espazos exteriores, acondicionamento de terreos.

Obtención do orzamento de execución material segundo módulos básicos: Pemb.

Módulo de construción:

$$M_c = M_b \times C_t \times C_u$$

Orzamento de execución material segundo módulos básicos:

$$P_{emb} = M_{bi} \times S_i$$

M_{ci}. Módulo de acordo coa construción que corresponda ao destino dominante da superficie.

S_i. Superficie construída de acordo co destino predominante da mesma.

ESTE ORZAMENTO ASÍ OBTIDO SERÁ O ORZAMENTO DE REFERENCIA PARA O CÁLCULO DA LIQUIDACIÓN.

MÓDULOS PARA A OBTENCIÓN DO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DAS OBRAS MENORES

Establécense os seguintes módulos para calcular o orzamento de execución material mínimo das obras menores.

No listado que segue detállanse, na primeira columna a base física na que se apoia o módulo

entre as que distinguimos M², M³, MI e Ud, na columna central a tipoloxía da obra e na columna da esquerda o valor en € de cada unidade.

No caso de que a tipoloxía da obra non se atope contemplada no listado, aplicarase o módulo que, de acordo coa natureza da obra e materiais que se vaian empregar máis se lle asemelle.

Para o cálculo do orzamento haberá que multiplicar o número de unidades de que conste a obra menor polo valor asignado a cada tipoloxía.

M²= metros cadrados

M³= metros cúbicos

MI= metros lineais

Ud= unidades

M ²	Obras en xeral de reforma de pouca entidade (acabados interiores)	137,47 €/m2
----------------	---	----------------

ACTUACIÓNS PREVIAS		
M ²	Apeo estrutura	11,93 €
M ²	Levantado material cobertura	5,81 €
MI	Desmontaxe baixante e canlón	2,45 €
M ²	Demolición pavimento	6,61 €
M ²	Picado revestimento de recebo	6,48 €
M ²	Levantado azulexos e chapados	6,76 €
M ²	Demolición falsos teitos	3,39 €
M ²	Demolición tabiques	5,40 €
M ²	Levantado carpintería	3,39 €
M ²	Apertura e formación de oco	64,71 €
Ud	Levantado mobiliario de cociña	140,80 €
Ud	Levantado radiador e accesorios	21,51 €
Ud	Desmontaxe instalación calefacción	178,13 €
Ud	Desmontaxe instalación eléctrica	118,76 €
MI	Levantado de varanda ou reixa	3,14 €
RESTAURACIÓN		
M ²	Limpeza fachada	7,45 €
M ²	Arrexuntado de fachadas de pedra	12,72 €
Ud	Reparación e ancoraxe de pezas de fachada	7,64 €
M ²	Restauración carpintería de madeira	57,22€
MI	Reparación de varanda	41,96€
M ²	Reparación de reixa	52,63 €
M ²	Limpeza de cuberta	3,12 €
M ²	Retellar (substitución tellas rotas e colocación tellas fora de sitio)	9,37€
ACONDICIONAMENTO TERREO		
M ²	Limpeza e nivelación de terras	2,15 €
M ³	Achega de terra vexetal	32,93 €
MI	Drenaxe de grava	15,75 €

MI	Drenaxe con tubo	25,12 €
M ³	Apertura de gabias	9,39 €
M ³	Recheo e compactado de gabias	3,25 €
INSTALACIÓNS EXTERIORES		
Ud	Pozo de auga	1.789,91 €
M ³	Depósito de auga	218,70 €
Ud	Instalación fosa séptica	973,17 €
Ud	Depósito de gas aéreo	1.212,56 €
Ud	Depósito de gas enterrado	3.305,27 €
Ud	Instalación antena parabólica unitaria	588,01 €
Ud	Instalación antena parabólica colectiva	4.241,20 €
TABIQUERIA		
M ²	Tabique de ladrillo	15,88 €
M ²	Tabique de cartón xeso	29,49 €
M ²	Trasencostado de muro con tabique e illamento térmico	26,70 €
M ²	Tabique vidro moldeado	88,51 €
ACABADOS		
M ²	Revestimento de recebo e lucido	11,73 €
M ²	Azulexado	19,42 €
M ²	Chapado de pedra (granito, lousa, mármore ou similares)	75,52 €
M ²	Revestimento de paneis metálicos	48,42 €
M ²	Revestimento de paneis de madeira ou fibras	25,31 €
M ²	Revestimento de materiais plásticos	20,98 €
M ²	Revestimento de monocapa continuo	21,03 €
M ²	Pintura plástica exterior	9,37 €
M ²	Pintura plástica interior	4,43 €
M ²	Recrecido morteiro de cemento	6,52 €
M ²	Pavimento de baldosas de terrazo	21,90 €
M ²	Pavimento de baldosas de pedra (granito, lousa, mármore, etc)	85,44 €
M ²	Pavimento de baldosas de cerámica	25,89 €
M ²	Pavimento de madeira	60,44 €
M ²	Pavimento de materiais laminados (vinilo, PVC, goma)	26,85 €
M ²	Revestimento de cortiza	27,15 €
M ²	Revestimento de material téxtil (fibra sintéticas, moquetas, etc)	18,94 €
M ²	Soleira de formigón	26,73 €
MI	Chanzo	56,10 €
M ²	Falso teito continuo de escaiola ou xeso - cartón	16,91 €
M ²	Falso teito modular	21,09 €
CARPINTERÍA E ACRISTALAMENTOS		
M ²	Substitución carpintería de madeira	116,52 €
M ²	Substitución carpintería de aluminio	165,08 €
M ²	Substitución carpintería de PVC	148,89 €
M ²	Substitución carpintería de aceiro	234,32 €
M ²	Acristalamiento con vidro normal	23,74 €
M ²	Acristalamiento dobre vidro	46,87 €
M ²	Acristalamiento con vidro de seguridade	119,77 €
DEFENSAS		

MI	Substitución varanda de pedra (h=90 cm)	93,88 €
MI	Substitución varanda metálica (h=90 cm)	50,07 €
Ud	Porta blindada	973,17 €
M ²	Reixa metálica	67,70 €
M ²	Persiana de seguridade metálica	136,26 €
M ²	Celosía	50,45 €
CUBERTA		
M ²	Cuberta de placas de fibrocemento	19,05 €
M ²	Cuberta de placas de aceiro galvanizado ou prelacado	29,20 €
M ²	Cuberta de tella	29,76 €
M ²	Cuberta de lousa	35,50 €
M ²	Cuberta de zinc	78,19 €
M ²	Cuberta de cobre	94,61 €
M ²	Impermeabilización de terraza ou cuberta plana	16,19 €
MI	Baixante de PVC	11,45 €
MI	Baixante de zinc – cobre - titanio	24,99 €
MI	Baixante de chapa de aceiro prelacado	15,63 €
Ud	Gardacanos fundición ata h=2m	111,72 €
MI	Canlón de PVC	17,75 €
MI	Canlón de zinc – cobre – titanio	33,35 €
MI	Canlón de chapa de aceiro prelacado	24,99 €
Ud	Claraboia	184,91 €
INSTALACIÓNS INTERIORES		
MI	Tubo de fontanería instalada	5,02 €
Ud	Instalación rede auga fría e quente aseo (lavabo + inodoro)	133,00 €
Ud	Instalación rede auga fría e quente aseo (lavabo+inodoro+ducha)	161,67 €
Ud	Instalación rede auga fría e quente baño completo	220,96 €
Ud	Instalación rede auga fría e quente cociña	165,73 €
Ud	Lavabo	168,31 €
Ud	Inodoro	239,52 €
Ud	Ducha	161,61 €
Ud	Bañeira	181,26 €
Ud	Bidé	142,41 €
Ud	Urinario	131,23 €
Ud	Vertedoiro	192,57 €
Ud	Lavadoiro	150,80 €
Ud	Termo eléctrico	272,60 €
Ud	Quentador a gas	353,02 €
Ud	Instalación de gas interior de vivenda	306,08 €
Ud	Caldeira mural para calefacción	1.184,38 €
Ud	Caldeira mural para calefacción e auga quente	1.766,06 €
Ud	Instalación completa de calefacción en vivenda	4.980,26 €
Ud	Instalación completa rede eléctrica en vivenda	1.706,37 €
Ud	Instalación aire acondicionado vivenda	1.562,13 €
ELEMENTOS ASOCIADOS A FACHADAS		
M ²	Toldo	142,41 €
M ²	Marquesiña	224,42 €

M ²	Rótulo opaco	329,07 €
M ²	Rótulo luminoso	456,38 €
M ²	Carteleira publicitaria	34,53 €
M ²	Pintura de anuncios, rótulos, etc	142,41 €
Ud	Lápida	62,59 €
VALOS E PECHES		
M ²	Limpeza, consolidación ou reparación de peches	13,12 €
M ²	Colocación de valo de obra	6,25 €
Ml	Chantos de pedra	25,89 €
Ml	Peche de postes e arame	18,34 €
M ²	Peche de postes e tela metálica	18,95 €
M ²	Peche metálico	57,18 €
M ²	Peche fundición	90,63 €
M ²	Peche fábrica de bloque ou ladrillo para revestir, incluído revestimento	33,31 €
M ²	Peche fábrica bloque ou ladrillo visto	45,86 €
M ²	Peche fábrica de pedra	75,00 €
M ³	Formigón armado en formación muro	264,55 €
M ²	Porta metálica entrada a parcela	89,56 €
M ²	Porta fundición entrada a parcela	204,99 €
Ud	Formación entrada a parcela, incluída canalización	383,01 €
M ²	Peche cachote	60,00 €

MÓDULO PARA O CÁLCULO DO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DE ACOMETIDAS DE AUGA.

Acometida de auga potable

No rural	223,91 €
Na zona urbana	249,94 €

Acometida de augas fecais

No rural

De menos de 10 metros:	391,58 €
Entre 10 e 20 metros:	468,64 €
De máis de 20 metros:	699,83 €

Na zona urbana 285,35 €

Acometida de augas pluviais

Na zona urbana 285,35 €

SEGUNDO: De conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren

oportunas.

TERCEIRO: Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

CUARTO: De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.14.”-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DO PLENO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 14/10/2013 POLA QUE SE INTERPÓN RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DO ENTE PÚBLICO “PORTOS DE GALICIA” RELATIVAS AO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN AO REAL CLUB NÁUTICO DE SANXENXO DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO NO PORTO DE SANXENXO PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE INSTALACIÓN NAUTICO-RECREATIVAS. O Sr. Secretario dá conta da resolución da alcaldía de data 14 de abril de 2.013, que a continuación se transcribe literalmente:

“O día 16 de xullo de 2013 formulouse polo Concello de Sanxenxo, ao abeiro do disposto no art. 44 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, ante Portos de Galicia requirimento para a anulación ou revogación de seis resolucións respecto do expediente de concesión ao Real Club Náutico de Sanxenxo de ocupación de dominio público portuario no porto de Sanxenxo para a construción e explotación de instalacións náutico recreativas.

Transcurrido o prazo dun mes sen que por Portos de Galicia se contestara ao Concello de Sanxenxo, se entende rexeitado o requirimento e polo tanto queda aberto o prazo de dous meses fixado polo art. 46.6 da Lei 29/98, para a formulación de recurso contencioso administrativo contra as seis resolucións cuxo requirimento se solicitou o 18 de xuño.

Á vista do anteriormente exposto **RESOLVO** o seguinte:

PRIMEIRO.- Interpoñer recurso contencioso administrativo para solicitar a anulación das resolucións do ente Portos de Galicia que a continuación se relacionan e para as que se requiriu do citado ente o 16 de xullo de 2013 a súa anulación ou revogación, sen que transcurrido o prazo dun mes se contestara ao Concello de Sanxenxo de tal pretensión:

1. **Resolución** do Presidente de “Portos de Galicia” ditada o **14 de decembro de 2011**, polo que se realiza ofrecemento das condicións da concesión ó Real Club Náutico de Sanxenxo.
2. **Resolución** do Presidente de “Portos de Galicia” ditada o **03 de abril de 2012**, polo que se realiza o segundo ofrecemento das condicións da concesión ó Real Club Náutico de Sanxenxo.
3. **Resolución** do Presidente de “Portos de Galicia” ditada o **09 de maio de 2012**, polo que se outorga ó Real Club Náutico de Sanxenxo a concesión administrativa de ocupación de terreos do dominio público portuarios para a construción e explotación dunhas instalacións náutico-recreativas.
4. **Resolución** do Presidente de “Portos de Galicia” ditada o **28 de xaneiro de 2013**, polo que se presta aprobación ó Proxecto Técnico Construtivo para execución dunhas instalacións náutico-recreativas no porto de Sanxenxo, que desenvolve o proxecto básico que serviu de base para o outorgamento da concesión.
5. **Resolución** do Presidente de “Portos de Galicia” ditada o **09 de abril de 2013**, polo que se presta aprobación ó acta e plano de replanteo das obras da concesión autorizada.

6. **Resolución** do Presidente de “Portos de Galicia” ditada o **25 de xuño de 2013**, polo que se aproba a modificación da concesión que fora outorgada ó Real Club Náutico de Sanxenxo o 9 de maio de 2012, para levar a cabo a construción e explotación náuto-recreativas no porto de Sanxenxo.

SEGUNDO.- Designar ao avogado D. Félix García González e a procuradora dos tribunais de Santiago de Compostela D^a Rita Goimil Martínez para a interposición e presentación do recurso contencioso administrativo sinalado no primeiro punto desta resolución. Esta designación abarca calquera tipo de recursos, incidencias e pezas separadas que puideran xurdir deste expediente.

TERCEIRO.- Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que este celebre.”

A corporación deuse por enterada.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as once horas e cinco minutos, de todo o que, eu secretario, **dou fe:**